

**CONCELLO  
DE VIGO****PROCESO SELECTIVO CORRESPONDENTE A OEP-ESTABILIZACIÓN - CONCURSO-  
OPOSICIÓN - OFICIAL DE DESINFECCIÓN****ANUNCIO: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E NOVAS PUNTUACIÓNS**

O órgano de selección en sesión de data 28/11/2024, en relación ás alegacións presentadas no proceso de oficial de desinfección acordou:

**1.- Alegacións de dona Salomé Araujo Rodríguez doc. 240336164, de data 30/10/2024.****a) Alegación á pregunta núm. 12.**

A aspirante polos motivos que constan na alegación solicita a revisión desta e a modificación da resposta.

**Acordo do órgano de selección:**

Examinada a pregunta e resposta dada como correcta polo órgano de selección, opción a), constátase un erro toda vez que a resposta correcta e máis completa corresponde coa opción "b) Po, fume, gases, néboas, aerosois, partículas e vapores", xa que como xustifica a alegante tamén deben incluírse ás partículas e vapores como supostos nos que poden encontrarse os produtos químicos no posto de traballo (ben no propio almacén ou ben na aplicación do produto).

Por tanto, ó órgano de selección acorda estimar a alegación presentada e considera como resposta correcta a da opción b) polo procede unha nova valoración dos exercicios considerando como resposta correcta esta opción.

**b) Alegación á pregunta núm. 18.**

A aspirante polos motivos que constan na alegación solicita a revisión desta e a modificación da resposta.

**Acordo do órgano de selección:**

O órgano de selección considerou como resposta correcta a da opción "b) 15 mg/l de cloro o bromo durante 4 horas", pero trala análise detallada da pregunta e das posibles respostas considera como correcta a da opción "c) 15 mg/l de cloro durante 24 horas" toda vez que segundo sinala o Real decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a





prevención e o control da lexiionelose por remisión do artigo 15 ó Anexo IX, en concreto no caso que nos ocupa, Parte C, apartado "o) Asegurarse que todos os difusores, duchas, chorros, bombas, filtros, etc. do circuíto estean en funcionamento e recircular a agua co biocida durante un tempo mínimo de 10 horas", considera que a única resposta correcta posible sería a da opción "c) 15 mg/l de cloro durante 24 horas", xa que as outras tres respostas sinalan tempos de 3 e 4 horas, o que resultaría incorrecto ao non acadar as 10 h. mínimas establecidas no Rd.. Cómpre sinalar, tamén, que o control e prevención da bacteria da lexiionela está expresamente recollida no tema 8 que sinalan as bases específicas deste proceso selectivo. Por último, aínda que o brote fose de calquera outra bacteria -non lexiionela- o tratamento de desinfección tería que aplicarse con mínimo de 10 horas como sinalan as características técnicas dos biocidas desinfectantes.

Por tanto, ó órgano de selección acorda estimar a alegación presentada e considera como resposta correcta a da opción c) polo procede unha nova valoración dos exercicios considerando como resposta correcta esta opción.

#### **c) Alegación á pregunta núm. 23.**

A aspirante polos motivos que constan na alegación solicita a revisión desta e a modificación da resposta.

#### Acordo do órgano de selección:

O órgano de selección procede a revisar esta pregunta núm. 23 e conclúe que o enuncia da pregunta está mal formulado e da lugar a confusión. A pregunta di textualmente:

"23.- A enfermidade de Weil producida por leishmania asociase a:

- a) Ás esporas de fungos.
- b) Ós protozoos
- c) Á picadura de determinados mosquitos
- d) Ós ouriños das ratas"**

O enunciado da pregunta é erróneo xa que a enfermidade de Weil está producida pola bacteria "leptospira" - non pola leishmanía como dí o enunciado- e asóciase a súa propagación ós ouriños das ratas, mentres que a leishmanía é un protozoo que produce a enfermidade leishmaniose -nada ten que ver coa enfermidade de Weil- e asóciase a súa propagación á picadura de determinados mosquitos.



Copia do documento - Concello de Vigo  
43627-220

Data impresión: 05/12/2024 09:57

Páxina 2 de 5

CSV: A2A7CF-298A85-D84A31-XE3UMV-2CHXSU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Por tanto, ó órgano de selección acorda estimar a alegación presentada no sentido de anular a pregunta 23 polos motivos citados e, no seu lugar, procede valorar a pregunta 31 de reserva.

**d) Alegación á pregunta núm. 27.**

A aspirante polos motivos que constan na alegación solicita a revisión desta e a modificación da resposta.

Acordo do órgano de selección:

Examinada a pregunta e resposta dada como correcta polo órgano de selección, opción a), conséntase un erro como manifesta a alegante toda vez que a resposta correcta é a que corresponde coa opción "b) No", xa que as outras tres respostas son incorrectas. A larva é unha etapa do ciclo biolóxico da pulga: pulga - ovos - larva - pupa - pulga, e nesta etapa como "larva" non é parasito xa que se encontra normalmente en ocos, gretas, solos sen luz e ten forma de gusano, e non depende de ningún hóspede polo que nunca podería ser un parasito nesta etapa. Tampouco, pon ovos xa que estes corresponden á etapa de pulga.

Por tanto, ó órgano de selección acorda estimar a alegación presentada e considera como resposta correcta a da opción b) polo procede unha nova valoración dos exercicios considerando como resposta correcta esta opción.

**e) Alegación á pregunta núm. 33 de reserva**

A aspirante polos motivos que constan na alegación solicita a revisión desta e a modificación da resposta.

Acordo do órgano de selección:

O órgano de selección procede a revisar esta pregunta núm. 33 e conclúe que debe ser anulada xa que ningunha das resposta é correcta.

A pregunta di textualmente:

"33.- Con respecto ós desinfectantes é certo que:

- a) Deben actuar ó menos 15 minutos.
- b) O seu efecto principal é bacteriostático**
- c) Solense utilizar asociando dous ou máis produtos.
- d) Todas son correctas"





Existen desinfectantes como é caso do "Ox-Virin" utilizado polos Servizos Municipais de Desinfección que dependendo da superficie, zonas a tratar pode actuar en menos de 15 minutos. Por outra banda, como sinala a alegante o efecto principal dun desinfectante non é bacteriostático -impedir a multiplicación dos microorganismo- se non que é bactericida -destrúe os microorganismos-. Por último, os desinfectantes non se solo utilizar asociados a dous ou máis produtos.

Por tanto, ó órgano de selección acorda estimar a alegación presentada no sentido de anular a pregunta 33 de reserva polos motivos citados.

**f) Alegación á pregunta núm. 34 de reserva**

A aspirante polos motivos que constan na alegación solicita a revisión desta.

Acordo do órgano de selección:

O órgano de selección procede a revisar esta pregunta núm. 34 e conclúe, como manifesta a alegante, que existe un erro na resposta "b) para insectos de ciclo ovárico" que se considerou como correcta. O termo "ovárico" non se pode asociar ó ciclo dos insectos xa que sería "larvario" como sinalan os manuais especializados. O termo errado induce a confusión á hora de contestar a pregunta formulada.

Por tanto, ó órgano de selección acorda estimar a alegación presentada no sentido de anular a pregunta 34 de reserva polos motivos citados.

**2.- Alegación de don Ramón Novo González doc. 240336858, de data 31/10/2024.**

**a) Alegación á pregunta núm. 23.**

O aspirante polos motivos que constan na alegacións solicitada a revisión da pregunta e resposta dada por correcta.

Acordo do órgano de selección:

Estímase a alegación no sentido sinalado anteriormente de anular a pregunta 23 e, no seu lugar, procede valorar a pregunta 31 de reserva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2024 09:57	Páxina 4 de 5
43627-220	CSV: A2A7CF-298A85-D84A31-XE3UMV-2CHXSU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**

Resultado da nova corrección do primeiro exercicio (primeira parte) de oficial de desinfección:

**RESULTADO OFICIAL DESINFECCIÓN - PRIMER EJERCICIO PRIMEIRA PARTE -**

ID	Ben	Mal	NC	Puntuación
121241	22	8	0	22
121252	16	14	0	16
121296	21	9	0	21
121407	24	5	1	24

Vigo, na data de sinatura dixital.-

A secretaria do órgano de selección.- Beatriz Domínguez Pereira  
O presidente do órgano de selección.- Secundino Otero Failde

**Documento asinado**

Copia do documento - Concello de Vigo  
43627-220

Data impresión: 05/12/2024 09:57

Páxina 5 de 5

CSV: A2A7CF-298A85-D84A31-XE3UMV-2CHXSU-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>